

## **BASES DOS CURSOS DE COOPERACIÓN, DESENVOLVEMENTO E MEDIO AMBIENTE 2025**

**1.- QUEN PODE ASISTIR AOS CURSOS:** persoas con domicilio en calquera concello da provincia da Coruña.

**2.- INSCRIPCIÓN AOS CURSOS:** na web da Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente da Deputación da Coruña.

### **3.- RÉXIME DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS**

A.- Para obter o certificado de asistencia aos cursos en liña deberanse visualizar completamente todas as leccións e realizar, coa puntuación mínima que se estableza, todos os test e probas das que conste a acción formativa.

A persoa admitida nun curso en liña que non siga o programa de estudos establecido poderá ser excluída deste.

B.- No caso de formación presencial, ou en liña síncrona (videoconferencias) deberá acreditarse unha presenza mínima do 75% das horas presenciais, ou das videoconferencias en directo, aínda que as faltas estean xustificadas. No caso de formación mixta, será obrigatorio, ademais, entregar os traballos que se propoñan, e que estes cumpran os requirimentos mínimos establecidos para cada curso.

C.-As persoas con dereito a certificado de asistencia, sexa presencial ou en liña, que ademais superen unha proba global final terán dereito a certificado de asistencia con aproveitamento.

D.- As persoas admitidas, e que por calquera circunstancia sobrevida non poidan realizar o curso, deben renunciar mediante un escrito dirixido á Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente. A Deputación valorará a admisión en futuros cursos, tanto deste ano como dos vindeiros, das persoas que non cumpran este requisito.

### **4.- INFORMACIÓN**

Para calquera información relativa aos cursos, pode contactar coa Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente da Deputación da Coruña por correo electrónico ([medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)) ou por teléfono (981 080 706 / 981 080 839 / 981 080 695).

A Coruña, 2025